

ESTRUTURA DO CURRÍCULUM VITAE

ENCABEZAMENTO

Serve para identificar o tipo de documento

Propoñémosche algunhas alternativas:

Encabezamento 1:

CURRÍCULUM VITAE

Encabezamento 2:

O TEU NOME E APELIDOS

Encabezamento 3:

Currículo de María López Ares (escrito no encabezamento ou no pé de páxina da aplicación informática, no caso de preferires comezar o teu currículo polos datos persoais)

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos	Poden figurar aquí ou como encabezamento
DNI	Inclúe o teu NIF. Non separes os números con puntos nin con espazos
Enderezo	Convenche poñelo cando vives nunha zona xeográfica próxima á empresa
Data de nacemento	Esíbese a data completa co día, mes e ano. O lugar de nacemento é opcional
Estado civil	É opcional
Tel. Móbil e/ou fixo	Debes poñer, en primeiro lugar, o teléfono en que contacten máis facilmente contigo. É conveniente pór máis dun
Correo-e	O teu enderezo electrónico debe proxectar profesionalidade, que sexa formal
Permiso de conducir Vehículo propio	Podes incluír este dato aquí ou ao final do teu currículo na epígrafe de "Outros Datos de Interese"

FORMACIÓN ACADÉMICA

Título obtido. Especialidade

Entidade que certifica. Data de remate

- Recoméndase pór a data de inicio se remataches os estudos no tempo esperado
- Recoméndase pór o título do proxecto se éde interese para o posto

Título de doutoramento

Universidade, ano de obtención
Tese de doutoramento

Podes pór o doutoramento ou os mestrados antes do título académico en función

Título de mestrados oficiais e propios ou cursos de especialización

Entidade que certifica. Data de remate

Outras titulacións académicas

Certificados/ carnés profesionais
Entidade que certifica. Data de remate

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Ex.: Formación profesional
Formación continua
Formación ocupacional
Formación musical regrada, artes escénicas...
CAP (Certificado de aptitude pedagóxica)
Técnico de comercio exterior
Consultor de calidade etc.

Outros certificados profesionais

Cursos, xornadas, seminarios
Nome do curso, entidade que certifica, duración en horas, data de remate

Outros certificados profesionais importantes para a oferta:
colexiado/a, federado/a, título de árbitro, de socorrista

Selecciona os cursos máis relacionados coa oferta a que optas.
Se foren seminarios ou xornadas curtas, non é necesario especificar as horas

Idiomas

- **Nome do idioma**
- Nivel adquirido (elemental, medio, superior)
- Estadía no país (duración en meses)
- Cursos realizados. Certificados. Entidades.
- Data de remate

Se tes experiencia profesional co idioma, convén especificalo

Informática

- Sistemas operativos e contornos gráficos. Versións. Nivel. Cursos
- Procesadores de texto. Versións. Nivel. Cursos
- Aplicacións: estatísticas, contables, deseño gráfico. Nivel. Cursos
- Redes. Nivel. Cursos
- Linguaxes de programación. Nivel. Cursos

Indica a experiencia profesional coas linguaxes, aplicacións e programas

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Inclúe:

contratos, traballo como autónomo/a, colaboracións, prácticas de estudante, prácticas de titulado/a en España e no estranxeiro, voluntariado –cando se realizan funcións relacionadas co posto..

Data de inicio/data de remate

Indica o día, mes e ano nos dous casos

Nome da empresa. Sector. Localización

- ❖ Non é obrigatorio pór o nome da empresa
- ❖ No caso de non o indicares, pon o sector
- ❖ Recoméndase pór sempre o sector cando pertence ao mesmo que a empresa emisora da oferta

Cargo desempeñado

Ex: Prácticas de Enxeñaría Técnica Industrial
Enxeñeiro Técnico Industrial
Técnico de prevención de riscos
Consultor medioambiental

Funcións, logros, metas

- ❖ Describe as funcións utilizando verbos de acción ou verbos substantivados:

Ex.:
Elaboración de manuais de PRL
Coordinación de equipos
Deseño de programas informáticos
Mantemento de máquinas

- ❖ **Exemplo de logro:** lograr incrementar as vendas tras o deseño e a posta en marcha dun programa de formación de vendedores técnicos
- ❖ Podes prescindir da descrición das funcións ou tarefas realizadas se non se relacionan coas do posto a que optas.
- ❖ Non especifiques as funcións cando estas son inherentes ao posto e non engaden información a maiores
- ❖ No currículo funcional podes encabezar a epígrafe “Experiencia profesional” segundo os tipos de funcións

Publicacións

- ❖ Se publicaches traballos, podes abrir esta epígrafe co título de “Publicacións” onde incluíras:

título, editorial, data da edición, número de ISBN ou DL

- ❖ Acostuma ser un mérito importante para determinados postos da Administración pública

OBXECTIVO PROFESIONAL

- ❖ Recoméndase especificalo cando o teu obxectivo se relaciona coa oferta á que aspiras
- ❖ A localización desta epígrafe pode variar:
 - Pode ir ao comezo do currículo (despois dos “Datos persoais”)-
 - Pode ir ao final ou integrada na epígrafe “Outros Datos de Interese”

OUTROS DATOS DE INTERESE

Disponibilidade

- ❖ Incorporación inmediata
- ❖ Permiso de conducir (pode ir en “Datos persoais”)
- ❖ Vehículo propio (pode ir en “Datos persoais”)
- ❖ Disponibilidade xeográfica posibilidade de cambio de domicilio

Outras experiencias laborais

Outros carnés profesionais

Voluntariado

Asociacionismo

- ❖ Non as describas polo miúdo, inclúe só o máis salientable cara á oferta
- ❖ Inclúe: colaboracións, traballo como autónomo/a, traballos esporádicos de estudante, traballos de voluntariado, xestión de asociacións etc.